

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 5082** *Real decreto 363/2009, do 20 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1559/2005, do 23 de decembro, sobre condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro e o Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais e polo que se crea o Comité español de benestar e protección dos animais de produción.*

O Real decreto 1559/2005, do 23 de decembro, sobre condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro, é a norma básica ao respecto, e inclúe dentro do seu ámbito de aplicación os vehículos de transporte por estrada de cans de recovaxe, caninea ou mandas de caza maior.

Na súa aplicación, púxose de manifesto a necesidade dunha modificación puntual, en concreto para prever as oportunas adaptacións no caso dos vehículos de transporte dos cans de recovaxe, caninea ou mandas de caza maior, en atención ás súas especiais características.

Así mesmo, considérase conveniente clarear o ámbito de aplicación do Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais e polo cal se crea o Comité español de benestar e protección dos animais de produción, e facer uso parcial da posibilidade de excepcións prevista no artigo 18.4 do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo cal se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97, no que se refire a viaxes dunha duración de até doce horas para a chegada ao lugar final de destino, para as especies a que se aplica o capítulo VI do anexo I do citado regulamento, de maneira que procede modificar o citado Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, sempre considerando que non se poderán facer excepcións respecto da aplicación xeral do resto do citado artigo 18 do regulamento comunitario nin da alínea b) do número 1.4 do capítulo V do anexo I.

Ademais, modifícase a composición do comité español de benestar e protección dos animais de produción para unha mellor representatividade dos sectores e, en prol das necesarias seguranzas e claridade xurídicas, considérase necesario derrogar expresamente o Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, que establece as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte, ao se aplicar actualmente o Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004. Esta norma derogou expresamente a Directiva 91/628/CEE do Consello, do 19 de novembro de 1991 sobre a protección dos animais durante o transporte e que modifica as directivas 90/425/CEE e 91/496/CEE, que foi incorporada ao ordenamento xurídico interno polo real decreto que agora se derroga.

Este real decreto dítase en desenvolvemento da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e da Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, e en virtude dos títulos recollidos no artigo 149.1, regras 13.^a e 16.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de, respectivamente, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e da ministra de Fomento, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas,

de acordo co Consello de Estado e despois de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de marzo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1559/2005, do 23 de decembro, sobre condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro.*

O Real decreto 1559/2005, do 23 de decembro, sobre condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro, queda modificado como segue:

Un. O artigo 3.1.c) queda redactado do seguinte modo:

«c) Os centros de limpeza e desinfección construídos para dar servizo exclusivo a explotacións gandeiras individuais ou agrupadas, incluídas as que albergan recovaxes, canineas ou mandas de cans de caza maior ou os situados nos terreos en que se realiza a actividade cinexética, a asociacións gandeiras ou entidades societarias agrícolas de calquera tipo, incluídas as agrupacións de defensa sanitaria, sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra e sociedades agrarias de transformación, ben como a empresas de produtos para a alimentación animal.»

Dous. O artigo 3.4 queda redactado do seguinte modo:

«4. Cumprir o disposto no anexo I sobre equipamentos e instalacións, a excepción de:

a) Os centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de peixes vivos, caso en que os equipamentos e instalacións deberán estar deseñados e organizados especificamente para poderen levar a cabo con eficacia a limpeza e desinfección deses vehículos e os seus elementos, cubas ou depósitos.

b) Os centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de cans de recovaxe, caninea ou mandas de caza maior, incluídos os existentes nos terreos en que se leva a cabo a actividade cinexética, caso en que os equipamentos persoais homologados ou os existentes nas instalacións deberán estar deseñados e organizados especificamente para poderen levar a cabo con eficacia a limpeza e desinfección dos vehículos.»

Tres. O artigo 5.2 queda redactado como segue:

«2. Unha vez desinfectado o vehículo, colocarse o oportuno precinto ou precintos sobre as portas ou elementos de acceso do gando, produtos para a alimentación animal ou subprodutos, á estrutura de carga do vehículo. O precinto ou precintos adaptaranse á forma e condicións dos elementos en que se transporte, dentro do vehículo, o gando, os produtos para a alimentación animal ou os subprodutos.

En caso de transporte de gando, o certificado ou talón emitido polo centro de limpeza e desinfección terá validez desde a precintaxe do vehículo até a finalización do primeiro traslado de gando posterior á rotura do precinto. Para estes efectos, no caso dos vehículos de transporte de cans de recovaxe, caninea ou mandas de caza maior, entenderase como finalización do primeiro traslado o fin da primeira actividade cinexética seguinte á rotura do precinto, de maneira que a limpeza e desinfección do vehículo se deberá realizar, unha vez finalizada a primeira montaría posterior á carga dos animais, antes de se iniciar a carga dos animais no vehículo para efectuar unha segunda montaría, o cal poderá efectuar in situ un participante na montaría autorizado como centro de limpeza e desinfección ou, noutro caso, após a descarga dos cans no lugar de orixe do movemento e antes de partir a outra montaría.

Non obstante o anterior, a autoridade competente poderá pór un prazo máximo de validez do precinto. O transportista, cando menos durante o transporte e até que

efectúe a seguinte limpeza e desinfección, conservará o correspondente certificado ou talón de desinfección á disposición das autoridades competentes en materia de sanidade animal ou de tráfico e circulación de vehículos de motor por estrada.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais e polo que se crea o Comité español de benestar e protección dos animais de produción.*

O Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais e polo que se crea o Comité español de benestar e protección dos animais de produción, queda modificado como segue:

Un. O artigo 6.4 substitúese polo seguinte:

«4. Deberanse rexistrar os contedores e medios de transporte utilizados para o transporte de cans, gatos ou furóns cando o transporte se realice en relación cunha actividade económica, incluída a cría de animais para a súa venda ou con ánimo de lucro.»

Dous. O artigo 11.2.c).4.º queda redactado do seguinte modo:

«4.º Por parte das entidades representativas do sector gandeiro, sector de transporte de animais e sector de matadoiros, tres representantes, un por cada sector, designados polo presidente do comité por proposta das respectivas entidades representativas a nivel nacional.»

Tres. O título da disposición adicional única cambia a súa denominación pola de disposición adicional primeira.

Catro. Engádesse unha disposición adicional segunda, co seguinte contido:

«Disposición adicional segunda. *Autorizacións excepcionais.*

A autoridade competente, de acordo co previsto no artigo 18.4 do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, poderá exceptuar, para viaxes dunha duración de até doce horas para a chegada ao lugar final de destino, incluíndo a carga e a descarga, o uso de medios de transporte que non cumpran as disposicións do capítulo VI do anexo I do citado Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.»

Disposición transitoria única. *Aplicación temporal.*

O disposto neste real decreto será de aplicación aos procedementos administrativos a que se refire nos cales non se tivese ditado resolución firme en vía administrativa o día da súa entrada en vigor, incluídos os derivados de solicitudes de autorización de centros de limpeza e desinfección de vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao de su publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de marzo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ